



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A sinatura electrónica: aspectos xurídico-procedimentais

GRUPO: Cursos EGAP - Universidades

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	UNIVERSITARIA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 30/08/2014 - 08:00h ao 12/09/2014 - 14:00h

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

A aprobación do Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, supón un cambio organizativo substancial, xa que ordena o proceso de desenvolvemento dos servizos electrónicos e desenvolve, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración pública galega por medios electrónicos.

O uso da firma foi e é o medio idóneo para contraer dereitos e obrigacións, a evolución das tecnoloxías e as tendencias do mercado co incremento e as relacións telemáticas derivou por necesidade en elementos como a firma electrónica, o pago electrónico, o DNI electrónico ou DNI-e, a factura electrónica ou os certificados electrónicos como os da FMNT, CERES ou a Seguridade Social.

O coñecemento e o uso dos servizos de certificación contribúen a aumentar as posibilidades de que os usuarios utilicen as novas tecnoloxías e fágano de forma máis eficaz. As medidas de seguridade que estas tecnoloxías nos ofrecen son moi superiores ás existentes no mundo presencial, do mesmo xeito que as ferramentas dispoñibles para que a información viaxe con absoluta seguridade a través das redes electrónicas e de comunicación son infinitamente máis seguras que os medios tradicionais.

Ao mesmo tempo faise necesario ter unha formación adecuada en seguridade que nos evite problemas de suplantación e ensínenos como utilizar estas tecnoloxías de certificación dixital coa maior das garantías.

Neste curso analízase de forma detallada todo o concernente á firma electrónica, os certificados electrónicos, o DNI-e e o pago electrónico, e o alumno aprenderá a utilizalos con soltura e seguridade sabendo como actuar e que facer en cada momento.

DESTINATARIOS

Persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo.

PROGRAMA

1. La identidad en la Administración Electrónica
2. Conceptos
3. O certificado electrónico
4. Servizo de autenticación.
5. Servizo de Sinatura
6. O DNI electrónico

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Relación do posto de traballo cos mecanismos de implantación e desenvolvemento da e-Administración.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 07/10/2014 a 15/10/2014

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JUAN OTERO POMBO

Fernando Suárez Lorenzo

Jesús M^a García Blanco

jose liñeira piñeiro

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 11: Os días 13, 14 e 15 de outubro de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 12: Os días 07, 08 e 09 de outubro de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA